

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 20 de febreiro de 2003 pola que se nomean funcionarias en prácticas as aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 12 de decembro de 2001 para o ingreso no corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B), escala técnica de estatísticos.*

Cumpridos os trámites previstos na base VI do proceso selectivo convocado pola Orde do 12 de decembro de 2001 (*Diario Oficial de Galicia* nº 245, do 20 de decembro), para o ingreso no corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia (grupo B), escala técnica de estatísticos, procede realizalo nomeamento das aspirantes que superaron a fase de oposición e presentaron en prazo a documentación correspondente, como funcionarias en prácticas.

Por iso, esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro.-Nomear funcionarias en prácticas do corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia, grupo B, escala técnica de estatísticos, as seguintes aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo:

DNI	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	Puntuación
32667226-G	Calvo	Ocampo	María Esther	70,50
78798805-T	Romero	Martínez	María Pilar	69,33

O nomeamento das interesadas como funcionarias en prácticas terá efectos da data de inicio do curso selectivo que se establece no punto terceiro desta orde, de conformidade co disposto na base VI.4 da orde de convocatoria.

Segundo.-O curso selectivo desenvolverase segundo o establecido na base III da orde de convocatoria.

Terceiro.-Convócanse as aspirantes relacionadas no punto primeiro desta orde ó acto de inicio do curso selectivo que terá lugar ás 11 horas do día 7 de marzo de 2003, na sala de xuntas do Instituto Galego de Estatística, sito no complexo administrativo San Lázaro, en Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2003.

Jaime Pita Varela

Conselleiro da Presidencia, Relacións  
Institucionais e Administración Pública

*Orde do 20 de febreiro de 2003 pola que se nomean funcionarios en prácticas os aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola Orde do 12 de decembro de 2001 para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos.*

Cumpridos os trámites previstos na base VI do proceso selectivo convocado pola Orde do 12 de decembro de 2001 (*Diario Oficial de Galicia* nº 245, do 20 de decembro), para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala superior de estatísticos, procede realizalo nomeamento dos aspirantes que superaron a fase de oposición e presentaron en prazo a documentación correspondente, como funcionarios en prácticas.

Por iso, esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro.-Nomear funcionarios en prácticas do corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala superior de estatísticos, os seguintes aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo:

DNI	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	Puntuación
32673611-H	Villar	Cheda	Mª Estefanía	71,750
33294822-E	Díaz	Doutón	Rosa María	68,325
33296796-H	Silveira	Calviño	Solmary	64,805
76823077-H	Jácome	Rodríguez	Raúl	50,320

O nomeamento dos interesados como funcionarios en prácticas terá efectos da data de inicio do curso selectivo que se establece no punto terceiro desta orde, de conformidade co disposto na base VI.4.

Segundo.-O curso selectivo desenvolverase segundo o establecido na base III da orde de convocatoria.

Terceiro.-Convócanse os aspirantes relacionados no punto primeiro desta orde ó acto de inicio do curso selectivo que terá lugar ás 11 horas do día 7 de marzo de 2003, na sala de xuntas do Instituto Galego de Estatística, sito no complexo administrativo San Lázaro, en Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2003.

Jaime Pita Varela

Conselleiro da Presidencia, Relacións  
Institucionais e Administración Pública

*Resolución do 19 de febreiro de 2003, do tribunal designado para xulga-lo proceso selectivo para o acceso ó corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de arquitectos, pola que se fai pública a puntuación da fase de concurso.*

En sesión que tivo lugar o día 19 de febreiro de 2003, o tribunal designado pola Orde do 25 de abril